



Expres

PONT-UP  
STORE  
2018

VENRES 21

19:00-21:00

## PUNTAZO EXPRES

**Organizan:** Concello de Pontevedra / Pont-Up Store

**Presenta:** Anabel Gulías, Concelleira de Promoción da cidade e Pedro Figueroa, Director do Pont-Up Store

**Programa:** 10 emprendementos seleccionados previamente entre os candidatos desta modalidade de participación, presentarán os seus proxectos durante 5 minutos a 5 empresas de relevancia.

**Lugar:** Aula do segundo andar da Casa das Campás,  
Rúa Don Filiberto 9-11

21:30-23:00

## Tecendo comunidade: Viño participativo

Participantes 2018 e sesión musical

**Organiza:** Concello de Pontevedra

**Lugar:** Casa da Luz

*Entrada reservada a proxectos seleccionados nas tres modalidades de participación – stands, actividades demostrativas e Puntazo Expres-, organizadores, patrocinadores e colaboradores do Pont-Up Store 2018*

## RELACIÓN DE ESCOITANTES



### África González Fernández

Catedrática de Inmunoloxía da Universidade de Vigo, directora do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) da Uvigo, presidenta da Sociedade Española de Inmunoloxía e promotora da empresa spin-off NanoInmunoTech (NIT) con sedes en Vigo, Zaragoza e Madrid. En 2017 foi nominada aos premios Women Innovators pola Comisión Europea.



### Piedad Varela-Portas de Orduña

Licenciada en dereito especializada en dereito de empresa. 20 anos de experiencia como asesora legal. Socia, cofundadora e Responsable de Comunicación e RSE de Pazo de Vilane.



### María Caldeiro López

Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC. Máster en Políticas Europeas de Cooperación e Máster en Relacións Internacionais e Comercio Exterior. Inicia o seu contacto profesional co mundo da pesca durante a súa estadia na Oficina Comercial do Consulado en Mumbai. Dende 2011 exerce como Xerente de FUNDAMAR.



### Lucía Gregorio

Enxeñeira industrial con 20 anos de experiencia poñendo en marcha proxectos de I+D+i e de apoio a distintos sectores a través das TIC. Na actualidade, é Adxunta a Dirección en Redegal e ademais colabora como experta externa na Comisión Europea como evaluadora de proxectos e en iniciativas de apoio ao emprendemento, como ViaGalicia ou como coach no Programa Instrumento PEME.



### Teresa Fernández Valdés

Cofundadora de Bambú Producciones, produtora de series de grande éxito estatal e internacional como Velvet, Gran Hotel ou Fariña. Elixida como unha das showrunners máis poderosas da televisión europea e mundial en 2014 e 2016, respectivamente. En abril de 2018, Reed Miden, empresa organizadora do mercado internacional do audiovisual MipTV, outórgalle a Medalla de Honra, sendo a primeira muller española en recibir o devandito recoñecemento.